

Algúnhas claves para ler
A viaxe subterránea de Niels Klim
de Ludvig Holberg

por Alfonso Blanco Quintela



Hugin e Munin

1. Coma un allo

A expresión, tipicamente galega, que encabeza esta epígrafe acáelle ben a Ludvig Holberg: foi un home douto en idiomas, música, Ética, Dereito, Historia, e tamén un bo observador das contradicións do seu medio sociocultural para denuncialas con agudeza a través da literatura. Neste contexto, *A viaxe subterránea de Niels Klim* é un compendio desas altas capacidades e, en suma, da súa maneira de pensar e ver a vida e a condición humanas. Na construción da súa perspectiva tiveron grande influencia as correntes culturais que derivaban do Humanismo e da Ilustración, nas que Holberg atopou un forte alicerce intelectual.

No ámbito estritamente literario, Ludvig Holberg está considerado o fundador da literatura norueguesa e dinamarquesa modernas, o autor teatral de maior talle da súa patria e o primeiro historiador crítico do seu país¹.

¹Holberg viviu no que na súa época se chamaba Reino de Dinamarca e Noruega, que incluía eses dous estados actuais e tamén as Illas Feroe, Groenlandia, Islandia, os ducados de Schleswig e Holstein (hoxe integrados nun Estado da República Federal de Alemaña), e algunhas colonias (Ghana, as illas Nicobar –hoxe pertencentes á India– e outros territorios no mar Caribe). O tal reino tivo a súa orixe na Unión de Kalmar (1397), que incluía tamén Suecia. En 1523 Suecia abandonou o Estado común, e desde 1536 a 1660 Noruega e Dinamarca pertenceron a un único monarca, aínda que só a título persoal. En 1660 constituíuse un Estado integrado, que durou até 1814, ano no que, dentro do contexto das Guerras Napoleónicas e polo Tratado de Kiel, Noruega foi cedida a Suecia, mentres que Islandia, as Illas Feroe e Groenlandia quedaron nas mans de Dinamarca.

2. A vida e a obra de Ludvig Holberg

2.1. Nacemento, contexto sociopolítico e primeira formación

Ludvig Holberg naceu o 3 de decembro de 1684 en Bergen (actual Noruega), nunha familia de clase media alta. Por unha banda, procedía dunha estirpe de pastores luteranos ortodoxos e, pola outra, dunha saga de ricos comerciantes. O seu pai, Christian Nielsen Holberg (c. 1625-1685), un alto oficial do exército, morreu antes de que Ludvig fíxese o seu primeiro ano de vida. Deixou unha importante propiedade inmobiliaria que pouco despois foi destruída por un incendio. A familia Holberg puido vivir das rendas fornecidas por uns fondos, investidas con intelixencia pola nai.

Cando Ludvig tiña 10 anos, a súa nai morreu, deixándolles a el e aos seus cinco irmáns a devandita propiedade, que deberon repartir. Ludvig era o menor dos doce fillos da parella, aínda que só a metade deles chegou á idade adulta.



O contexto sociopolítico no que naceu Holberg estaba marcado pola instauración, en 1660, da monarquía absoluta coa chegada ao trono de Federico III (Haderslev, 1609-Copenhaguen, 1670). Igual que noutros lugares de Europa, o cambio de réxime supuxo oportunidades de ascenso socioeconómico para os cadros da burguesía, que substituíron a vella aristocracia nos empregos da coroa (de feito, moitos burgueses recibiron decontado títulos nobiliarios). Así, administradores profesionais, que estudaban leis no estranxeiro (sobre todo en Francia e Inglaterra), desprazaron a aristocracia terratenente na dirección do Estado. Con esta política, as monarquías absolutas europeas ampliaban a base social que as soportaba, ao trocar a vella nobreza, agora pouco produtiva, polo máis dinámico estrato dos comerciantes das cidades e vilas.

O camiño esperable para os fillos dos membros da burguesía, á que por nacemento pertencía Ludvig Holberg, era o seguinte: comezar por estudar Teoloxía e logo especializarse en Filoloxía (latina ou grega), Filosofía ou Historia, para rematar dedicándose ao Dereito, previo paso por institucións académicas foráneas. Os que non se empregaban directamente na corte, obtiñan prazas docentes da Universidade, cuxo exercicio adoitaban conciliar con postos na xerarquía eclesiástica luterana, cousa que lles resultaba ben lucrativa. Se Holberg, como veremos, non seguiu exactamente estes fitos na súa formación, foi en gran parte pola súa posición crítica, dende idade ben temperá, tocante ao sistema educativo da súa patria. Cómpre ter en conta que o método para o progreso do coñecemento e a investigación tal e como se estaba a practicar en Inglaterra ou Francia (e do que Holberg sería partidario) non tivo carta de natureza no reino de Dinamarca e Noruega até 1742 (12 anos antes da morte de Holberg), ano no que se fundou a *Kongelige Danske Videnskabernes Selskab* [Real Acade-

mia Dinamarquesa das Ciencias e das Letras]. En troques, a *Royal Society* inglesa comezara as súas actividades en 1662, e a *Académie Royale des Sciences* francesa botara a andar en 1666.

Como era tradición no seu país, ao ser fillo de militar, Holberg foi educado na disciplina castrense: ingresou no rexemento Upland, localizado lonxe da súa cidade natal, no centro de Noruega. Alí sufriu maltrato físico e psicolóxico por parte dos seus profesores, e esta circunstancia fixo agromar nel unhas fondas conviccións antimilitaristas. Por outra banda, nesta temperá época da súa vida sentiu xa unha forte inclinación pola literatura.

Acabada esta educación primaria, fíxose cargo da súa formación o vigairo de Fron, unha vila situada tamén no centro do país. Alí o rapaz Holberg coñeceu a vida rural, que atopou ben estimulante (en especial, a variante lingüística que se falaba na zona). Pola contra, o ambiente da escola resultoulle desagradable, debido a que estaba rexida por un profesor, na súa opinión, mal preparado e pedante. Esta experiencia fixo que, xa de adulto, se manifestase contra os métodos da educación tradicional, que atopaba inútil e desconectada da realidade. Onde si gozou Holberg foi na Biblioteca do vigairo, na que puido ler con detemento os clásicos grecolatinos e tamén obras da literatura inglesa e francesa. A súa capacidade innata para aprender idiomas foille moi útil nesta etapa da súa vida, e dela tiraría proveito en anos sucesivos.

Aos 14 anos tornou a Bergen, onde viviu co seu tío Peter Lemmius. Alí continuou estudos, aprofundando na lingua e literatura latinas e mais en nocións teolóxicas. Catro anos máis tarde, en 1702, a cidade de Bergen quedou case destruída por un grande incendio, polo que Holberg marchou a Copenhaguen, a capital do reino, para completar a súa formación.

2.2. Estudos superiores e viaxes por Europa


Ingresou na Universidade da cidade dinamarquesa, e alí obtivo un título en Teoloxía con boas cualificacións, a pesar de non estar conforme cos métodos docentes nin coa orientación, ao seu xuízo demasiado teórica, do programa de estudos universitarios.

En 1704, con 20 anos, volveu a Noruega, onde acadou un traballo como profesor particular dos fillos do vigairo da vila de Voss, a quen ás veces substituíu nos oficios relixiosos. Esta nova estadía no interior de Noruega permitiulle estar outra vez en contacto co forma de vida, costumes e dialecto dos labregos, temas aos que lles tiña moita fe.

Algúns meses despois foi por segunda vez a Copenhaguen, onde tomou leccións intensas de francés e italiano e ampliou os seus estudos teolóxicos. Ao rematar estes, regresou a Bergen sen un peso². O pastor da cidade, Nicholas Schmidt, encargoulle a educación dos seus fillos; porén, ao cabo de pouco tempo, Holberg concibiu o desexo de viaxar por Europa. Así, vendeu o pouco que posuía e embarcou para os Países Baixos, onde contraeu unhas febres e decidiu intentar unha cura na cidade de Aquisgrán, famosa polos seus baños termais.

Unha vez sandado, pediu cartos prestados para poder regresar a Noruega e encamiñouse á cidade de Kristiansand, onde, por recomendación do seu amigo Christian Brixius puido empregarse como profesor particular de idiomas (en especial de francés) e reunir os cartos para pagar as súas débedas.

²Circunstancia persoal que insire en *A viaxe subterránea de Niels Klim*, atribuíndoa ao protagonista.



Algún tempo despois, en 1706, decidiu viaxar a Inglaterra, país que lle atraía polo que oíra sobre o método de traballo das súas institucións académicas superiores. En efecto, naquel país levábase xa tempo apostando pola investigación sobre o terreo, e o labor das universidades non se centraba, en xeral, en debates académicos inútiles para impulsar o progreso dos coñecementos técnicos e prácticos. Ademais, dende a segunda metade do século XVII existía, entre os mozos noruegueses e dinamarqueses de certa posición, o costume de pasar unha tempada de estudos en Inglaterra.

Acompañado polo seu amigo Brixius, Holberg estableceuse en Oxford, onde se mantivo dando clases de idiomas e de técnica de frauta, da que era un consumado intérprete. As experiencias inglesas comezaron a modelar a súa personalidade como escritor e filósofo da moral. Alí comezou a trazar o plan do que sería a súa *Introduction til de*

fornemste Europæiske Rigers Historier [Introdución á historia dos máis importantes reinos de Europa], publicada en 1711, tres anos despois de abandonar Oxford para volver á súa patria e fixar a súa residencia en Copenhaguen. Alí viviu dos seus ingresos como profesor privado de fillos de xente adiñeirada.

A publicación desta obra outorgoulle unha reputación nos círculos intelectuais e académicos da capital, aínda que algúns o acusaron de traducir, sen máis, unha obra alemá sobre o mesmo tema. Con todo, pouco despois, ofrecéronlle unha praza de profesor axudante na Universidade. Asemade, obtivo o dereito a un estipendio a cambio de viaxar ao estranxeiro como misioneiro protestante. Sen pensalo demasiado, aceptou, e iniciou unha viaxe por Europa: os Países Baixos, Francia, Italia e Alemaña. Ademais, como varios tramos do seu periplo os fixo por mar, durante as travesías puido coñecer xentes doutros países de Europa e fixarse nos seus costumes e xeito de vivir.

Tocante á súa futura actividade como autor literario, en Italia coñeceu o xénero teatral da *commedia dell'arte* e o traballo das compañías que representaban obras deste estilo. Por outra banda, en París entrou en contacto co ambiente teatral, daquela dominado, no xénero cómico, polas obras e estilo de Molière (nado Jean-Baptiste Poquelin, París, 1622-1673).

En 1716, Holberg estaba de volta en Copenhaguen, e durante un tempo a súa situación económica foi algo apurada. Intentou conseguir algúns ingresos coa publicación dun novo ensaio: *Morals Kierne eller Introduction til Naturens og Folke-Rettens Kundskab* [O núcleo da moral ou Introdución á lei natural e internacional]. Con esta obra, apoiándose na política que estaba levando a cabo a monarquía absoluta, Holberg quixo establecer na súa patria os fundamentos dunha práctica administrativa e legal, ba-

seándose nunha perspectiva racionalista. O éxito non o acompañou, pois as vendas foron cativas e tivo que aturar, de novo, acusacións de plaxio.

Por sorte para el, dous anos máis tarde obtivo unha praza de profesor de Metafísica na Universidade de Copenhaguen, o que lle proporcionou os ingresos suficientes para vivir sen penurias económicas, tendo en conta que era un home solteiro, e que o seguiría a ser durante toda a súa vida.

2.3. Os comezos da súa actividade literaria

Con máis de 30 anos, Holberg decidiu comezar a camiñar polos carreiros da literatura, pois imaxinación tiña (como o público había comprobar en breve), e ademais coñecía moi ben os clásicos latinos (algún grego tamén), así como as obras máis sobranceiras dalgunhas literaturas europeas vernáculas. Todo isto sería o molde do que extraería as súas creacións.

A handwritten signature in black ink, reading 'L. Holberg'. The script is cursive and elegant, with a large, stylized initial 'L'.

Ao comezo escribiu versións en dinamarqués dunha sátira do poeta romano Xuvenal (Décimo Xunio Xuvenal, Aquino, 60-Roma, 128). Axiña, en 1719, publicaría unha obra que lle daría sona pero tamén máis dunha dor de cabeza: *Peder Paars*, un poema épico paródico, baseado na *Odisea* de Homero e na *Eneida* de Virxilio. A obra enmárcase dentro da denominada Querela dos Antigos e os Modernos (Holberg tomaba partido por estes últimos), e ademais resultaba ser un retrato satírico da perspectiva cultural vixente na Dinamarca da época: os dous persona-

xes principais están inspirados en Don Quixote e Sancho Panza, e da súa lectura dedúcese unha crítica das condicións de vida das clases baixas, así como do sistema feudal, aínda vixente en amplas zonas do país. Ademais, os heroes non se someten ao que, na aparencia, lles ten preparado o destino, senón que labran o seu propio futuro; isto constitúe unha parodia da *Eneida*, na que o protagonista acepta en todo momento o que os deuses lle propoñen, renunciando aos propios desexos.

Logo da publicación de *Peder Paars*, Holberg comezou a ser considerado unha presenza incómoda nos ambientes académicos conservadores de Copenhaguen, e recibiu máis dunha crítica pública. Como resposta, o autor refuxiouse de novo nas versións das sátiras de Xuvenal, e en 1722 publicou, baixo pseudónimo (por cautela), *Fire Skæmtedigte* [Catro poemas divertidos].

2.4. Holberg, autor de comedias

Pouco despois, foi nomeado secretario da súa Universidade e, a instancias dalgúns amigos que coñecían a súa capacidade literaria, dedicouse a escribir comedias en dinamarqués. Converteuse así no primeiro autor que compoñía obras teatrais en lingua vernácula en Dinamarca-Noruega, desenvolvendo esta actividade entre 1719 e 1728.

O teatro no reino vivira un período de esplendor dende a instauración da monarquía absoluta. A corte contrataba decote compañías teatrais, maiormente francesas, que representaban obras francesas e en francés para un público restrinxido. Contra 1720 a monarquía, vendo que estes espectáculos non eran moi do gusto dos asistentes (sen dúbida, o idioma era unha barreira importante) e que o gasto era elevado, deixou de organizalos. Con todo, algúns membros das compañías quixeron permanecer en Copen-

haguen, e pagaron, co apoio dalgúns membros da casa real, a construción dun teatro no barrio de Lille Grønnegade: sería o primeiro teatro da capital totalmente aberto ao público. Para atraer xente, os propietarios caeron na conta de que cumpría representar obras en dinamarqués; tal intención chegou a oídos e Holberg, que acometeu o traballo con ilusión: entre 1722 e 1723 escribiu nada menos que quince comedias (as cinco primeiras baixo o pseudónimo de Hans Mickelsen), entre elas as que lle deron máis sona.

De ved
Hans Kongl. Majest. særdeels Naade
 Privilegerede **Danse**

ACTEURS

Nabne attet i Dag Onsdagen den 26 October
 Deres Theatrum ved at forestille paa det Danse
 Sprog et artig og fornøjelige Stue. Spil
 Din

Mester GERT WESTPHALER

Eller
Dend meget talende BARBEER.

Som nydeligen her i Kiøbenhavn er componeret.

Prisfen for dem / som finde Behag udi at bivaane dette Stue.

Hver Person betaler paa Theatro	1 Guldaler
Udi en af de mellemste Loger	1 Guldaler
Udi de underste Loger	3 Mark
Par Terre	2 Mark
Paa Galleriet	1 Mark
For en heel Loge betales som for 4 Personer.	

De Stands Personer / som vilde behage at bierre dette Stue.

Spil med deres Hæderlighed / ombedes allerdmigst at lade dem /
 som ere udi deres Elstue / udeblive.

Nøgemaade ombedes de / som forlangt een heel Loge , at adressere sig til
 Mr. Montaigne / boendes i Gøthers Gaden nest ved Comedie . Husket.

Theatrum er paa det sædvanlige Sted i Grønnegaden / saa fand og
 Liebhaberne igiennem Borten i Gøthers Gade indlades;
 Begyndelsen skeer præcis Klokken 5 / at det Klokken
 7 fand have Ende.

Para este desempeño, Holberg contou coas ideas que tirara da súa lectura das obras dos comediógrafos latinos Plauto (Tito Macio Plauto, Sarsina, c. 254-Roma, 184

AEC') e Terencio (Publio Terencio Afro, c. 195-159 AEC), e tamén das representacións de teatro contemporáneo que presenciara (e admirara) en Roma e París, froito das súas viaxes. Outra fonte de inspiración para Holberg foron as obras teatrais do Renacemento inglés que varias compañías alemás levaban respresentando, dende finais do século XVI, para as capas baixas da burguesía dinamarquesa.

As comedias de Holberg son, coma os seus poemas anteriores, de ton satírico: sempre denuncian algunha tara moral ou social. Con isto pretendía entreter, ensinar e, por que non, obter beneficio económico.

A seguir destacamos certos trazos argumentais dalgunhas das comedias de Holberg. Todos eles han resultar familiares para calquera lector atento de *A viaxe subterránea de Niels Klim*:

- *Den politiske Kandestøber* [O caldeireiro en política], de 1722: un caldeireiro (artesán de clase baixa) quere ser nomeado alcalde da súa vila, pretendendo ir alén do que a súa clase social permite, polo que cae en situacións ridículas debido á súa falta de preparación. A mensaxe da obra é que a sociedade debe ter clases, e cada unha debe cumprir coa súa función; asemade, é misión da monarquía manter o respecto á lei e a orde social, sen levar a cabo reformas constitucionais que trastornen o sistema establecido.
- *Den vægelsindede* [O catavento], de 1722: dous mozos andan na procura de esposa; un deles quere unha muller recatada, mentres o outro prefire que sexa máis alegre. Ao cabo, conclúen que a muller ideal sería a que fose as dúas cousas, dependendo de cada momento. Na obra, a caracterización da esposa perfecta baséase na teoría dos humores, que Holberg satiriza tamén en *A viaxe subterránea de Niels Klim*.

- *Mester Gert Westphaler* [O señor Gert Westphaler], de 1722: nesta obra aparece unha sátira sobre a proverbial verborrea dos barbeiros.
- *Den ellefte Junii* [O 11 de xuño], de 1723: contén unha crítica sobre a creación de capital a través da especulación financeira, sen base na produción de bens reais.
- *Erasmus Montanus eller Rasmus Berg* [Erasmus Montanus ou Rasmus Berg], de 1723: o protagonista céntrase demasiado no estudo e desenvolvemento de conceptos só teóricos; pola contra, hai un personaxe caracterizado de maneira positiva: coñece os clásicos latinos, as bases da lei natural e tamén posúe sentido común.

Xa que logo, durante a primeira metade da década de 1720, as obras de Holberg gozaron de bastante éxito, co cal, os ingresos do autor medraron. Porén, en 1725 a súa saúde deteriorouse por mor do exceso de traballo e decidiu tomar un descanso. Aproveitou unha nova estadía en Aquisgrán para viaxar, unha vez máis, por varios países europeos. Neste periplo coñeceu diversidade de persoas, en particular literatos, libeiros e membros de compañías teatrais.

Cando regresou a Copenhague, foi nomeado tesoureiro da Universidade. Continuou escribindo comedias, e tamén completou unhas *Metamorphoses*, inspiradas nunha obra de igual título de Ovidio (Publio Ovidio Nasón, Sulmona, c. 43 AEC-17), o poeta romano preferido por Holberg, segundo confesión propia.

2.5. Abandono do teatro e tramo final da súa vida

Contra a fin da década producíronse dous acontecementos que puxeron punto e final á traxectoria de Ludvig

Holberg como comediógrafo: por unha banda, o grande incendio de Copenhaguen de 1728, que deixou case arrasada a cidade; pola outra, a subida ao trono de Cristian VI (1699-1746), que marcou un cambio político e cultural, pois o novo rei, influído polo movemento pietista, armou unha cruzada moral contra todo costume que fose considerado licencioso, e iso afectou á práctica teatral. Esa nova situación uniuse a un decaemento da aceptación pública das obras de Holberg e a unha recrudescencia das críticas que viña recibindo dende que comezara a compoñer obras de contido satírico.

Todo isto fixo que se orientase en exclusividade durante o resto da súa vida cara ao ensino universitario e a escritura de tratados históricos e obras de corte filosófico. Escribira 27 comedias, 21 das cales foron representadas.

En 1730, o autor obtivo unha praza definitiva como profesor de Historia, aínda que nos anos sucesivos ensinaría tamén Latín, Dereito e Retórica. Por esta época estaba a preparar unha *Dannemarks Riges Historie* [Historia do Reino de Dinamarca], aparecida en 1735. Ao ano seguinte foi nomeado vicechanceler da Universidade, e en 1738 publicou unha ambiciosa obra: *Almindelig Kirke-Historie* [Historia Xeral da Igrexa]. Por esta época a súa situación económica era xa ben desafogada, pois co seu salario e os ingresos das súas obras fixera intelixentes investimentos inmobiliarios, co que acabou xuntando certo número de propiedades.

En 1741 apareceu publicada *A viaxe subterránea de Niels Klim*.

Nos seus anos finais continuou a escribir, ao tempo que promoveu concursos literarios entre a mocidade de Copenhaguen. Pero en 1746 morreu Cristian VI, e o seu sucesor, Federico V (1723-1766), era máis proclive aos praceres mundanos e levantou as restricións sobre o teatro e outros

tipos de espectáculos. Animado, Holberg recuncou na escritura de comedias, mais o gusto do público mudara, e o seu teatro xa non tivo éxito. A modo de testamento ideolóxico, quixo deixar por escrito o seu xeito de pensar e ver a vida en, entre outras obras, *Moralske Tanker* [Pensamentos morais] (1744), *Epistler* [Epístolas] (aparecidas entre 1748 e 1754) e *Moralske Fabler* [Fábulas morais] (1751).



Ludvig Holberg, ennobrecido co título de barón en 1747, morreu o 28 de xaneiro de 1754, con 69 anos, e case esquecido. Ao non ter fillos, deixou os seus bens á coñecida como Academia Sorø, un mosteiro de orixe medieval (onde está soterrado). Co paso do tempo, esta sede monástica desenvolvera actividades docentes, e a intención de Holberg ao legarlle as súas propiedades era

que as empregase para se converter nunha institución de ensino superior destinada aos fillos das clases altas, coa condición de que o espírito reitor fose o emanado da Ilustración.

A súa figura permaneceu na sombra durante décadas, pero a partir de 1830 foi reivindicada tanto en Dinamarca coma en Noruega. Por exemplo, o compositor noruegués Edvard Grieg (Bergen, 1843-1907) escribiu unha *Suite Holberg*. Ademais, o goberno noruegués ten establecido o Premio Internacional Memorial Holberg, mentres o dinamarqués concede a Medalla Holberg a autores de ficción ou de ensaios científicos. Por outra banda, un cráter do planeta Mercurio leva o seu nome, así como unha cidade da Columbia Británica (O Canadá), fundada en 1907 por emigrantes noruegueses. Finalmente, na cidade de Bergen ten dedicada unha estatua e un bulevar.

3. A perspectiva de Holberg como autor literario

Toda a obra de Holberg xira arredor da ética e a filosofía moral: pretendía mellorar a condición humana e facilitarles aos homes unha boa maneira de se coñeceren a si mesmos. Nos seus escritos tira proveito do método socrático, chamando a atención sobre os erros do comportamento humano a través de exemplos concretos e exposicións de feitos. Como moralista, admira os ensaios de Michel de Montaigne (Bordeos, 1533-1592), e amósase partidario de ameazar pouco e castigar con moderación. Consonte estas ideas, á hora de conxugar os seus conceptos éticos cos do cristianismo –traballo intelectual obrigado nun home da súa época e da súa formación–, manifesta non crer nun Deus severo, contrario ás boas ideas dos pensadores precristiáns ou aos gozos simples da vida.

Ao ser unha persoa dotada de imaxinación e sentido do humor, intentou comunicar o seu pensamento a través da sátira, ora en forma poética, ora en forma teatral. Porén, o rexeitamento que sufriu nos círculos académicos e cortesáns de Copenhaguen provocou que se fose illando cada vez máis da sociedade co paso dos anos e se refuxiase no seu labor de profesor e escritor de tratados e ensaios.

Na súa condición de profesor de Metafísica foi moi crítico respecto a como se abordaba a materia nos ambientes universitarios da súa época: coidaba que, na maior parte dos casos, os estudos metafísicos quedaban en meros debates inzados de termos técnicos e distincións demasiado sutís e, asemade, pouco útiles. Consideraba o excesivo academicismo (e o clericalismo) como manifestacións de hipocrisía, pouco acaídas a unha mente que pretendese chegar a comprender as verdades básicas da vida.

Sen dúbida, nestas ideas tiveron influencia varios elementos: a severidade coa que foi tratado na súa formación inicial, o trato cos campesiños e persoas de vida máis sinxela e, sobre todo, as súas viaxes por varios países de Europa, máis avanzados ca a súa patria en canto aos métodos para o progreso do coñecemento. Isto vese con claridade en *A viaxe subterránea de Niels Klim*, onde o imaxinario principado de Potu está inspirado en Inglaterra, e a súa capital, Keba, en Oxford.

Para reconstruír a ideoloxía de Holberg na maior parte das súas facetas gozamos da vantaxe de dispoñer das súas *Memorias*, publicadas postumamente. En realidade, máis que unha autobiografía concibida á mantenta como tal, trátase da reunión de varias das súas *Epistler*, xa mencionadas.

4. *A viaxe subterránea de Niels Klim*

4.1. Xénese, publicación e repercusión

Constitúe esta a única novela escrita por Ludvig Holberg. Foi publicada por primeira vez en 1741, aínda que levaba xa un tempo rematada. A pesar da insistencia de varios amigos, que sabían da existencia do manuscrito, o autor mostrábase remiso a mandalo ao prelo, pois con esta obra volvera ás andadas da sátira e temía novas críticas. Con todo, un editor púxose en contacto con el e convinceuno para que a publicase. O escritor puxo dúas condicións, xustamente para se protexer: que saíse á luz baixo pseudónimo e que se editase no estranxeiro. Así, a novela foi publicada en Leipzig (Alemaña), pero aos poucos días de chegaren varios exemplares a Copenhaguen, os temores de Holberg cumpríronse, e tivo que escoitar acedas censuras, pois non acadou o agocho que buscaba tras o pseudónimo. Porén, parece que a maioría dos lectores acolleron a novela con boa actitude.



A grandes trazos, a novela narra as aventuras de Niels Klim, un mozo de Bergen que, durante a exploración dunha cova preto da súa cidade, cae por un furado cara ao interior da Terra. Unha vez alí, descobre, non un, senón dous mundos (un no, digamos, núcleo do planeta, e outro na cara interna da codia terrestre), divididos en diferentes Estados e poboados por seres de diversa aparencia física e condición intelectual. O relato emprega a primeira persoa –recurso co que transmite maior verosimilitude e propicia a implicación do lector–, e pretende en todo momento provocar o sorriso cómplice ao contrastar os usos e costumes dos diferentes países e seres subterráneos cos da superficie.

A intención desta, en palabras do propio Holberg, «novela filosófica» foi, como en toda a súa obra, construír un sistema ético proveitoso para o xénero humano. Ao facelo a través dunha ficción de ton humorístico, cumpría tamén con outra das súas teimas, como xa fixera a través das súas comedias: comunicar ensinanzas morais cunha envoltura amena.

A *viaxe subterránea de Niels Klim* adoita ser citada entre as candidatas ao título de primeira novela de ciencia-ficción, xunto con *O soño* de Johannes Kepler (1634), *L'autre monde ou les états et empires de la Lune*, de Cyrano de Bergerac (1656), *As viaxes de Gulliver*, de Jonathan Swift (1726) ou *Micromégas*, de Voltaire (1752).

Con todo, sendo como é unha obra de ficción, o personaxe de Niels Klim talvez non sexa completamente inventado: segundo escribe o editor Karl Wilhelm Elberling, hai constancia da existencia dun Niels Andersen Klim, san-cristán (ademais de bibliotecario), aló por 1670, da igrexa de Korskirken en Bergen; segundo indica Elberling, o tal Klim morreu en 1690.

Esta obra gozou de certa reputación nos ambientes literarios europeos, sobre todo a partir do primeiro terzo do século XIX, e foi traducida a varios idiomas. É citada no relato *A caída da casa Usher* (1839), de Edgar Allan Poe (Boston, 1809-Baltimore, 1849). Ademais, o pintor e escritor dinamarqués Hans Scherfig (Copenhague, 1905-Hillerød, 1979) publicou, entre 1955 e 1956, no periódico *Land og folk*, un relato gráfico baseado nesta novela; máis tarde, ese mesmo relato aparecería en forma de libro.

Ao cabo, cómpre citar a adaptación para a televisión, en forma de miniserie de 3 capítulos, emitida en 1984 pola DR (*Danmarks Radio*).

4.2. Un fragmento non incluído

Nunha das súas *Epistler*, Holberg conta que na primeira edición da novela quedou fóra, por descoido, un fragmento, cuxa tradución ofrecemos a seguir:

Klim chegou a un país chamado Cuislimiri, que tiña sona pola xustiza das súas leis; e atopou que así era, en verdade, xa que todo canto alí se facía resplandecía de equidade. Mais, aínda sendo certo isto, decatouse, con suma sorpresa, de que en ningures atopara máis ignorancia e desidia. Daquela preguntoulle ao seu anfitrión, un home moi sabio, cal era o motivo de seren as cousas así. Respondeulle que, tempo atrás, o seu pobo non era inferior a ningún outro en coñecemento e dilixencia, pero certa lei, na aparencia xusta de seu, abrira as portas á ignorancia e á desidia. Segundo aquela lei dispuxera, todos os que tivesen parella carga de traballo no mesmo tipo de cargo público recibirían parella remuneración.

—Ao principio —dixo—, ningunha lei parecía máis acaída, pero co decorrer do tempo comprobamos que os seus efectos eran malos.

Naquel pobo había moitos cargos públicos —chamados *tumbóns* e *cuambóns*— que corresponden cos nosos sacerdotes e policía (ou xefes da policía municipal): en xeral, todas as persoas de clase plebea aspiraban a eses cargos. Os ingresos, con todo, eran ben dispares: mentres un *tumbón* podía recibir cada ano até seiscientos imperiais, outro que levase a cabo o mesmo número de tarefas que o primeiro —ou mesmo máis—, só chegaba a douscentos. Como é lóxico, producíanse queixas debido a esta desigualdade, e por iso o Goberno tivo a ben establecer a igualdade de todos os cargos públicos. Porén, unha vez suprimida a desigualdade, desapareceu tamén toda competencia: os que até daquela intentaban destacar en preparación e habellencia, coa idea de gozar dos maiores ingresos posibles, deixaron esmorecer o seu interese. Se alguén os censuraba, eles respondían:

—De que nos ha servir destacar, se a remuneración é a mesma para todos?

E cómpre non culpalos, pois debemos ter por certo que un xeito tal de organizar a vida pública había causar en todas as partes o mesmo mal ca naquel país: moitas cousas, por útiles que parezan, poden ser perniciosas; e outras moitas, por inxustas que semellen, acaban por amosarse xustas.

5. A presente tradución

A tradución que presentamos baséase no texto da coidada edición a cargo de Karl Wilhelm Elberling, publicada en Copenhaguen en 1866. Con anterioridade, a obra coñecera cinco edicións máis (1741 –a *editio princeps*, como xa indicamos, 1745, 1754, 1756 e 1864). O labor de Elberling é notable, pois fixo unha boa revisión crítica do texto latino, comparando as edicións anteriores, e incluíu un prefacio, notas explicativas a pé de páxina e un índice temático.

O latín de Holberg ten todas as características do chamado latín humanístico, ou neolatín, modelado a partir dos canons establecidos, xa na Antigüidade Clásica, por Cicerón (Marco Tulio Cicerón, Arpino, 106-Roma, 43) e sancionados, entre outros, por Quintiliano (Marco Fabio Quintiliano, Calahorra, 39-Roma, 95 AEC). Porén, nalgún dos seus escritos, Holberg manifesta a súa preferencia por outros prosistas como Plinio o Novo (Gaio Plinio Cecilio Segundo, c. 63-113) ou mesmo Séneca (Lucio Aneo Séneca, Córdoba, c. 4 AEC-Roma, 65). Como adoita acontecer cos autores que escribían en neolatín, a aplicación do canon á que nos referimos deriva de cando en vez nun manierismo de períodos sintácticos bastante longos e elaborados. Estes son acaídos á concisión que chegou a acadar o desenvolvemento da prosa literaria latina, pero en moitas ocasións resultan, na opinión deste tradutor, demasiado extensos para un lector actual, razón pola que se optou, como norma xeral, por desenguedallalos.

Para rematar, aconsellámoslle ao lector que volva ler o «Prefacio apoloxético» logo de rematar a obra, pois de certo que lle ha de provocar un sorriso, só previsible unha vez coñecidas todas as aventuras de Niels Klim no interior da Terra.

6. Agradecementos

Como cada vez que chego a este punto, non podo deixar de expresar o meu agradecemento a todo o equipo da editorial Hugin e Munin: cada texto que lles entrego só mellora cando pasa polas súas mans.

Téñome que lembrar, e co maior agarimo, do meu pai, da miña nai e da miña irmá. Prudencia, formalidade, honestidade, dilixencia..., todo iso e moito máis é o que me transmitiron durante todos estes anos de vida familiar, na proximidade e na distancia.

O camiño que levo andado como latinista non existiría sen a figura de Pepe Carballude, mestre apaixonado e presenza sempre próxima. Graciñas, Pepe, por me convencer de estudar aquilo para o que, sen dúbida, estaba mellor dotado.

Finalmente, Anxo Losada, a ti agradézoche, entre outras moitas bondades, que sempre esteas á busca da ficción sedutora.

7. Bibliografía e outros medios empregados (e recomendados)

7.1. Traducións da obra (en primeiro lugar indícase o tradutor e/ou editor)

- BABBITT, EUGENE H., *Niels Klim's Wahrfahrt in die Unterwelt*, Boston: D. C. Heath & Co., 1889 (tradución cunha breve introdución e notas).
- VICENÇ REGLÀ, *El viatge a sota terra de Niels Klim*, Martorell: Adesiara Editorial, 2011 (tradución con introdución e notas).

7.2. Outras obras

- FRASER, S. E. (ed.), *Ludvig Holberg's Memoirs. An Eighteenth Danish Contribution to International Understanding*, Leiden: E. J. Brill, 1970.
- HAMMER, S. C., *Ludvig Holberg. The Founder of Norwegian Literature and an Oxford Student*, Oxford: B. H. Blackwell, 1920.
- HOLBERG, L., *Memoirs*, en *Autobiography. A Collection of the Most Instructive and Amusing Lives Ever Published, Written by the Parties Themselves*, Londres: Hunt and Clarke, 1827.
- HOUGAARD, J., *Ludvig Holberg. The Playwright and his Age up to 1730*, Odense: Odense University Press, 1993.

7.3. Páxinas web

- Artigo sobre Holberg na Wikipedia en inglés
- Artigo sobre Holberg na Wikipedia en alemán
- Artigo sobre A viaxe subterránea de Niels Klim na Wikipedia en inglés

ALFONSO BLANCO
Louro, marzo de 2017

